

CULTURA CLÁSICA 3º ESO 2018-19

Procedementos e instrumentos de avaliación

Para a consecución de todos os obxectivos, é condición fundamental e indispensable tanto a actitude activa e comprometida na aula como a realización de cantos exercicios se propoñan para casa.

- **70% da nota: Probas escritas sobre as unidades traballadas durante o ano (un mínimo de dúas probas por avaliación)**
- **20% da nota: Realización de actividades e traballos, lecturas comentadas e elaboración de fichas correspondentes a cada unidade para casa e para a clase.**
- **10% restante: Actitude activa e comprometida na aula.**

O alumnado terá a oportunidade de recuperar a avaliación suspendida cunha proba de recuperación. Terá tamén a posibilidade de recuperar a totalidade da materia cun exame último de contidos mínimos.

Grao mínimo de superación

O alumnado terá que coñecer de feito práctico os seguintes contidos mínimos:

- Deuses e deusas principais da Mitoloxía Clásica e pegadas actuais do calendario festivo greco-romano
- Heroes principais da Mitoloxía Clásica: pegadas nas artes actuais.
- Escultura, arquitectura e urbanismo greco-romano (cidade, tipos de vivenda e espectáculos, ágora e foro).
- O mundo feminino e infantil (xogos e educación) en Grecia e Roma (vida cotiá).
- _ Coñecer un bloque de palabras mínimo (20) que teñan relación co latín e co grego.